
 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

 CAFI centro autónomo de formación e innovación

EDUCAR E COLABORAR NAS REDES SOCIAIS. APRENDIZAXES MÓBILES

16 de febreiro, 17:30-20:30 h.
21 de febreiro, 17:30-20:30 h.
23 de febreiro, 16:30-20:30 h.

PRESENCIAL. CAFI, 1º ANDAR, AULA 10

con Elena Martínez Royo

Guía do curso

Índice

1.Descripción do curso.....	2
2.Coordinación.....	2
3.Obxectivos.....	2
4.Competencias profesionais do profesorado.....	3
5.Contidos.....	3
6.Metodoloxía.....	3
7.Seguimento e desenvolvemento do curso.....	3
8.Requirimentos para seguir o curso.....	4

Descrición do curso

Esta guía didáctica ten como finalidade proporcionar ao profesorado participante unha visión xeral do curso con indicacións para a súa realización.

O curso S2102017, 'Educar e colaborar nas redes sociais. Aprendizaxes móbiles', **dispón de 20 prazas e implica 10 horas presenciais.**

Sempre que o protocolo o permita, serán sesións presenciais no CAFI. Agora, se a situación pandémica e o protocolo conseguinte o requiren, faríase a través da plataforma Cisco Webex.

O curso levarao a cabo Elena Martínez Royo, consultora e formadora en Social Media. Premendo [AQUÍ](#), achégase a ligazón ao seu video de presentación do curso.

Coordinación



A actividade está coordinada por Marta Valderrama Botana, asesora do Departamento de Atención e Formación en centros no Centro autonómico de formación e innovación (CAFI)

Cafi.zona4@edu.xunta.gal

981 522 411

Obxectivos

1. Educar na xestión da identidade dixital e a reputación en liña.
2. Fomentar o traballo colaborativo a través de distintos dispositivos e das redes sociais.
3. Previr os conflitos que se poden xerar polo emprego das redes sociais.

Competencias profesionais do profesorado

- Competencia dixital docente.
 - Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.
- Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado.
 - Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.

O modelo completo das competencias profesionais docentes pode ser consultado en diferentes formatos: http://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual2/pluginfile.php/35981/mod_resource/content/4/index.html.

Contidos

1. Identidade dixital e reputación en liña; xestión.
2. Proxectos colaborativos en rede.
3. Ambiente persoal de aprendizaxe.
4. Estratexias de traballo na aula e prevención de conflitos na Rede.

Metodoloxía

Partirase dos coñecementos previos das persoas participantes.

Realizarase nunha aula do CAFI con ordenadores de mesa e acceso a internet para todo o mundo.

O enfoque, aínda con base teórica, será práctico e programático.

Seguimento e desenvolvemento do curso

S2102017 Educar e colaborar nas redes sociais. Aprendizaxes móbiles		
MÉRCORES 16 DE FEBREIRO 3h, 17:30-20:30h.	Identidade dixital e reputación en liña; xestión.	Elena Martínez Royo (formadora dixital)
LUNS 21 DE FEBREIRO 3h, 17:30-20:30h.	Proxectos colaborativos en rede.	
MÉRCORES 23 DE FEBREIRO 4h, 16:30-20:30 h.	-Ambiente persoal de aprendizaxe. -Estratexias de traballo na aula e prevención de conflitos na Rede.	

Requisitos para seguir o curso

Ao prever que o curso será no CAFI, o único que se necesita é estar correctamente matriculado/a. Recoméndase traer un bolígrafo propio.

No caso de que se teña que pasar a presencialidade a virtual, requerirase:

- Unha conexión a internet de banda ancha con acceso a través dun pc ou dispositivo móbil.
- Navegador de Internet nas súas versións actualizadas e recentes.
- Lector de documentos para arquivos en formato PDF.
- Paquete ofimático LibreOffice ou semellante.
- Cámara (aínda que non é indispensábel) e micro.
- Cascos (recomendable).
- A aplicación de Cisco Webex descargada (recomendado).
- Datos de usuario en Cisco Webex correctos para a ocasión, é dicir: usuario con nome completo e apelidos e correo electrónico <@edu.xunta.gal>

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022.

Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)
Departamento de Atención e Formación en centros